



Para que os nenos de 1º, 2º e 3º conserven sempre as ganas de aprender.

Araceli.



## **Editorial Trasnó Trouleiro.**

**Autores:** Hugo, Evelyn, Miguel, Enma, Uxía, Gisela, Andrés, Carla, Noelia, Miguel, Nicolás.

**Fotografías:** Familias e mestra.

**Edición:** Araceli.



**Este libro interactivo foi  
integralmente realizado polo  
alumnado de 1º, 2º e 3º de  
Educación Primaria do CEIP  
da Barqueira no curso  
2017/2018 a través dun  
traballo de investigación  
propio.**

# AS PLANTAS




Este é un libro interactivo. Para visionar os vídeos debes ter instalada a aplicación de realidade aumentada **HP REVEAL** no teu dispositivo intelixente (smartphone, tablet...).  
Faite seguidor da nosa canle de HP Reveal, buscando "**aramonprie**" nesta mesma aplicación.  
As páxinas que teñan imaxes con vídeos asociados terá este símbolo:





QUERES SABER COMO SE FIXO ESTE LIBRO?  
Descubre con HP Reveal o proceso do proxecto.



# ÍNDICE

1. Tipos de seres vivos.
2. Que son as plantas?
3. Partes das plantas.
  - As follas.
  - O talo.
  - A raíz.
  - A flor.
  - O froito.
4. Tipos de plantas.
5. Nutrición e respiración das plantas.
6. Relación das plantas.
7. Reprodución das plantas.
8. Plantas da fraga dos Casás.



# 1. Tipos de seres vivos.

Os seres vivos nacen, crecen, reproducense e morren.



Existen cinco tipos de seres vivos: animais, plantas, bacterias, fungos e algas.



Os seres vivos cumpren tres funcións vitais: nutrición, relación e reprodución.

**Nutrición:** É alimentarse, mediante esta función os seres vivos obteñen enerxía.



**Relación:** é interactuar co medio.

**Reprodución:** É ter descendencia.




# 2. Que son as plantas?



As plantas son seres vivos, cumpren as tres funcións vitais: nutrición, relación e reprodución.



A maioría das plantas necesitan para vivir auga, terra e luz solar.



Algunhas plantas crecen en invernadoiros, que as protexen de insectos, da saraiba, ect.

Para regar as plantas nun invernadoiro unha técnica respectuosa co medio ambiente e o sistema de rego por goteo.



# 3. Partes das plantas.



As plantas teñen tres partes principais: raíces, talo e follas. Tamén poden ter flor e froito.

## As follas

Nas follas é onde se realiza a fotosíntese.

As follas teñen varias partes:

Haz: parte de diante.


Envés: parte de atrás.

Nervios: discorre a savia.

Pecíolo: onde agarra o talo.

As follas teñen clorofila, que se desprende cando non hai luz solar.

En outono a clorofila despréndese dalgunhas follas, por iso póñense de cor marrón e caen.



As árbores poden ser de folla caduca (se lle caen as follas) e de folla perenne (se non lle caen as follas).

## O talo

O talo transporta auga, sales minerais e nutrientes.

Este "sangue" das plantas chámase savia e discorre polos vasos liberianos (que son unha especie de venas).



Existen dous tipos de talo:  
leñoso (que é duro) e  
herbáceo (que é fráxil).





## A raíz

Adoitan estar baixo a terra e suxeita á planta.



É por onde a planta  
absorbe a auga e  
outras substancias.  
Algunhas almacenan o  
alimento, como a  
cenoira.

## A flor

As flores adoitan ter varias partes:

Pistilo: É a parte feminina da flor.

Estames: É a parte masculina da flor, onde está o polen.

Pétalos: atraen aos insectos.

Tamén teñen: sépalos, corola (conxunto de pétalos) e cáliz.



Pistilo

Estames

Pétalos

## O froito

Os froitos é onde están as sementes para unha nova planta.



Poden estar dentro do froito (como nas mazás) ou fóra (como nos amorodos).

# 4. Tipos de plantas.


Medicinais: sirven para curar enfermedades.



Aromáticas: dan olor a comidas e perfumes.



Carnívoras: atrapan insectos para alimentarse.



Comestibles: aquellas que comemos.



Acuáticas: viven na auga.

Ornamentais: úsanse para adornar.



# 5. Nutrición e respiración.

A raíz da planta absorve os nutrientes e a auga da terra, que discorre polos vasos liberianos (é a savia) a través do talo ata as follas.



Nas follas realízase a fotosíntese, grazas aos estomas. Na fotosíntese as plantas absorven dióxido de carbono e o transforman en osíxeno.

# 6. Relación das plantas.

A relación significa que a planta responde aos cambios no seu medio: cambios climáticos, inundacións, sequías, etc.

As plantas teñen mecanismos que lles permiten relacionarse cos cambios que ocorren na súa contorna, e, así manterse estables.



# 7. Reprodución das plantas.

## Reproducción mediante flores:



O polen que está nos estames cae dentro do pistilo, grazas ás abellas (que o levan nas patas), ou ao vento. Unha vez alí, nos ovarios da flor, se desenvolve o froito que ten dentro as sementes. Éstas xerminan ao caer á terra, xerando unha nova planta.



Hai varios tipos de plantas con flores:

-Ximnospermas: con flores moi pequenas.



-Anxiospermas: con flores máis bonitas e grandes.



## Reproducción sin flores:

Este tipo de reproducción se produce nos:

Estolones.



Rizomas.



Bulbos.



Tubérculos.



# 8. Plantas da fraga dos Casás.

Unha fraga é un bosque autóctono galego, con especies propias de Galicia no seu interior: carballos, castiñeiros, bidueiros, etc.

A fraga dos Casás é unha fraga que se atopa no concello de Cerdido, e ten moitas especies de plantas propias:

*Quercus robur* e  
*quercus pirenaica*  
(ou carballo).



*Megaforbios*  
*eutrofos hidrófilos.*

